



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 9/2024

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SEIS DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

En Ordes, a vinte e seis de setembro de dous mil vinte e catro.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SANJURJO.
- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D^a. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D^a. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D^a. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVARDE REY
- D^a. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Non asisten:

- D^a. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procedéndose a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 18 de xullo de 2024, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A acta da sesión ordinaria, de data 18 de xullo de 2024, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde dáse conta do seguinte:

- Dende o pasado 7 de setembro non está operativa a conta de Facebook do concello de Ordes debido a un intento de intrusión en distintas plataformas do concello que non tiveron éxito. Aínda que non conseguiron publicar nada e a páxina segue viva ao detectar Meta comportamentos sospeitosos procedeu a inhabilitala en canto á publicación de novas. Xa se realizaron os trámites necesarios e oportunos para recuperar a activade na conta pero son moi lentos na volta ao servizo. O servizo municipal de informática está valorando como alternativa, no caso de non conseguirse a rehabilitación, a creación dunha nova páxina institucional coa incorporación de importantes melloras no seu funcionamento. A anterior foi creada por persoal non técnico e ten algunhas carencias.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

3. RATIFICACIÓN ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 01/08/2024, ENCOMENDA DE XESTIÓN AO CONCELLO DE CURTIS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO SENLLEIRO DE DIXITALIZACIÓN PARA A POSTA EN VALOR DA RUTA DAS IGREXAS E DA DENOMINACIÓN DE ORIXE ARZÚA-ULLOA, NA CATEGORÍA DE “PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DA VIDA SOCIAL, CULTURAL E EDUCATIVA DA COMARCA”.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 01/08/2024, polo que se acorda:

“1.- Encomendar ao Concello de Curtis a execución do proxecto senlleiro de dixitalización de posta en valor da ruta das igrexas e da denominación de orixe protexida (D.O.P.) Arzúa-Ulloa, na categoría de “Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca”.

2.- O prazo de vixencia da encomenda de xestión estenderase á tramitación completa, control e seguimento das actuacións previstas na cláusula segunda do convenio, así como de todos aqueles trámites necesarios para a xustificación da subvención concedida polo Agader.

3.- A encomenda de xestión non supón cesión de titularidade da competencia nin dos elementos substantivos no seu exercicio, sendo responsabilidade do Concello de Curtis ditar cuantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto desta encomenda.

4.- Facultar ao Sr. Alcalde para a realización dos actos de trámite e sinatura dos documentos precisos para levar a efecto o así conveniado”.

Visto que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, concedeu unha subvención ao Concello de Curtis para a execución do proxecto senlleiro de dixitalización de posta en valor da ruta das igrexas e da denominación de orixe protexida (D.O.P.) Arzúa-Ulloa, na categoría de “Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca”.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Visto que o Concello de Ordes forma parte da zona de produción de leite e elaboración dos queixos amparados pola D.O.P. Arzúa-Ulloa.

Visto que o proxecto persigue mellorar a competitividade territorial, poñer en valor o patrimonio vinculado coas actividades produtivas e crear un produto innovador e atractivo enfocado á creación de roteiros e experiencias exitosas vinculadas cos procesos produtivos do territorio cultural e o gastronómico no ámbito da D.O.P. Arzúa-Ulloa.

Visto que o Concello debe realizar aquelas actuacións para a mellora da calidade de vida da súa poboación mediante unha adecuada oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos.

Visto que corresponde ao Concello de Curtis a execución das accións previstas no proxecto senlleiro de dixitalización de posta en valor da ruta das igrexas e da denominación de orixe protexida (D.O.P.) Arzúa-Ulloa, na categoría de "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca".

Visto que participación do concello de Ordes nas actuacións que contempla este proxecto ten que realizarse a través do instrumento xurídico da encomenda de xestión previsto no art. 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro (LRXSP).

Vista a proposta de convenio de formalización do contido material, dereitos, obrigas e financiación desta encomenda de xestión.

Visto o ditame favorable, de data 23/09/2024, da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non se var opoñer a ningunha medida que teña impacto na vida cultural do concello. O obxectivo non é o máis urxente a nivel cultural ou gastronómico. Non supondo un custe para as arcas municipais non poden deixar pasar esta oportunidade. Votan en falta que o concello de Ordes se acolla a liñas de financiamento como estas ou similares para por en valor o noso patrimonio. Non estaría de máis que o concello potenciase a creación dunha denominación de orixe dos produtos locais con máis sona como son o grelo ou o queique.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que analizando a documentación que lle foi remitida e ollando un pouco polas redes e internet quedaron un pouco desconcertados ao promoverse a creación dunha denominada ruta das igrexas para por en valor unha denominación de orixe protexida Arzúa-Ulloa encomendándose a xestión ao concello de Curtis. Entre os obxectivos figura a creación dun roteiro en formato dixital, pero nada se sabe por onde vai a ir ou como vai a ser. Os fondos do proxecto son 60.105 euros para trinta e dous concellos que son os que forman parte desta denominación de orixe, 1.900 euros por concello e terá que estar concluído o 15 de novembro de 2024. O concello non ten que aportar recursos propios cuestionan que poida ter unha incidencia real sobre esta denominación de orixe protexida. Van absterse neste punto. Para protexer esta denominación de orixe hai outros xeitos máis acaecidos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que van a sumarse a esta iniciativa que xa foi acordada na Xunta de Goberno local. Na reunión informativa cos técnicos do Agader e Agacar que son os que van a coordinar este traballo co concello de Curtis ao que lle corresponde a encomenda de xestión. Se algún grupo político quere facer algunha aportación debe facelo durante o mes



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

de outubro para o seu traslado ao concello de Curtis. Van a ser o único concello no que non se vota a favor desta actuación por unanimidade.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de dez votos a favor (9 grupo político PP, 1 grupo político PSdeG-PSOE), coas abstencións (5 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 01/08/2024, de encomenda ao Concello de Curtis a execución do proxecto senlleiro de dixitalización de posta en valor da ruta das igrexas e da denominación de orixe protexida (D.O.P.) Arzúa-Ulloa, na categoría de "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca", nos mesmos termos en que este foi adoptado.

2.- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Curtis.

4. MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL Nº 18. REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AUGA POTABLE e MODIFICACIÓN DE ORDENANZA FISCAL Nº 19. REGULADORA DA TAXA DE SUMIDOIROS.

Expediente de modificación da ordenanza fiscal nº 18 reguladora da taxa pola prestación do servizo de auga potable (Art. 5. Cota tributaria) e de modificación da ordenanza fiscal nº 19, reguladora da taxa de sumidoiros (Art. 5. Cota tributaria) (**Expdte. 2024/G016/000002**).

Visto o contido do informe económico-financeiro.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 23/09/2024.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que como xa comentaron en anteriores ocasións o servizo que presta a empresa concesionaria é mellorable por iso van absterse como fixeron noutras ocasións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que si ben é certo que esta actualización do IPC está estipulada no contrato teñen que lembrar ao respecto varias cousas. Por unha banda, volven a incidir unha vez máis que a rede de pluviais das rúas do concello de Ordes presenta numerosas deficiencias, entullos, bocas que non dan absorbido, están atascadas, nun paseo pola vila pode verse que nalgunhas ata seguen a crecer matoxos que prenden nestes entullos. Levamos anos manifestando esta situación e segue sen solucionarse. Por outra banda, na XGL de 30/11/23 o goberno local prorrogou o contrato de xestión do servizo municipal de abastecemento e depuración de augas residuais durante cinco anos máis, escudándose o goberno municipal en que Espina y Delfín incluíra ao concello de Ordes na segunda convocatoria de axudas para o ano 2023 par elaboración de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga, PERTE dixitalización do ciclo da auga, no marco do PRTR financiado pola UE Next Generation. O problema é que na resolución provisional desta segunda convocatoria de axudas a solicitude efectuada por Espina y Delfín na que se integraba o concello de Ordes quedou desestimada. Co cal o goberno local regaloulle cinco anos máis de contrato a ED a cambio, polo que observan, de nada. Por iso, aínda que se recolle no contrato a suba das tarifas conforme ao IPC, van a emitir desta volta un voto protesta, un voto en contra dado que non se está a manter axeitadamente a rede de pluviais e



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

efectuou a prórroga dun contrato ao picar cun caramelo que se puxo pola empresa e que finalmente parece que quedou en nada.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que resulta increíble que se atrevan a dicir que foi un regalo. É a súa maneira de facer política, o que venden despois por aí tratando de confundir á poboación. Hai que contarlles a realidade. Este concello tiña unha oportunidade única, igual que a inmensa maioría dos concellos do territorio nacional de presentarse á segunda convocatoria do PERTE da auga. Vai haber moitas máis ata o ano 2030. Nos requisitos de participación da orde da convocatoria é ter un contrato vixente. Ordes podía non sumarse a esta dixitalización, a esta proposta, e quedar obsoletos. Esta é a proposta do BNG que moi ben acaba de explicar o se voceiro. Fala dun regalo, cando ingresan case catrocentos mil euros entre canon da prórroga máis as obras que teñen que executar durante estes cinco anos. A situación da axuda, se o PERTE fose favorable iamos xunto cos concellos de diversa core política. Cerceda entrou na mesma solicitude coa mesma concesionaria na primeira liña de convocatoria de axudas deste PERTE. Haberá outras. Quedamos no posto cincuenta e seis de cincuenta, non impide que se hai algunha modificación na lista de agarda se poida entrar nesta segunda convocatoria. A subvención so cubre o setenta por cento do investimento o outro trinta por cento o tería que asumir a concesionaria do servizo. De regalo nada. Traslademos a realidade do que é esta convocatoria de axudas. Houbo cerca de duascenas solicitudes.

Polo Sr. Alcalde, ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se vai haber convocatorias de axudas ata o 2030, se se fai unha nova licitación a empresa concesionaria tamén podería solicitálas. O concello ten contrato vixente ata o ano 2026. Estase a limitar o horizonte temporal de cinco anos. Xa non se podería solicitar a subvención a partir do ano 2027.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que dixo que ía haber novas convocatorias, pero poden acabarse os fondos antes. Se o contrato remataba no ano 2026, cando se podería ter adxudicado o seguinte.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se se fai unha nova licitación, a axilización dos trámites para a súa adxudicación depende do concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que con ese plantexamento non se podería optar a esta liña de axudas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que condenaron a que a partir do ano 2026 non se poida solicitar. Así o pon a xustificación que fai a empresa para solicitar esta axuda. Necesario cinco anos de mantemento destas instalacións. Por iso a prórroga, ese é o regalo que hai. Se non lle gusta que llo digan é o seu problema. É a súa visión. Están os datos na XGL de novembro de 2023.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que minte descaradamente por que a única opción real que teñen efectiva para todos os veciños de Ordes é que se houbera tentado concorrer a esta segunda convocatoria do PERTE da auga.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que a opción está aquí e de momento veu desestimada.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que como centos de concellos que quedaron fora desta segunda convocatoria. Quen non o intenta non consegue nada. O concello de Ordes preséntase a todas e cada una das subvencións que ten capacidade técnica e de recursos



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

humanos para sacalas adiante. Non todas se conseguen e non pasa nada tampouco. Moitos outros concellos dos que vostedes presumen xa nin sequera se presentan.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos a favor (grupo político PP), cinco votos en contra (grupo político BNG), coas abstencións (1 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 18 reguladora da taxa pola prestación do servizo de auga potable (Art. 5. Cota tributaria) e a modificación da ordenanza fiscal nº 19, reguladora da taxa de sumidoiros (Art. 5. Cota tributaria), cuxos textos modificados figuran na proposta de Alcaldía que encabeza o expediente.

2.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

3.- Rematado o período de información pública, adoptárase o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza.

5. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 18 de xullo de 2024, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

6. MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén a Sr. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Os últimos datos recabados indican que máis da metade das persoas con discapacidade e/ou dependencia que abandonan o seu fogar é por necesidades de coidados e de apoios sociosanitarios.

As necesidades especiais deste grupo de persoas fan que, en moitas ocasións, a permanencia na vivenda habitual non sexa posible. Isto ocasiona situacións de institucionalización non desexada ou mesmo que as persoas rematen residindo en centros que non están o suficientemente especializados e equipados para atender as súas necesidades.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Cómpre salientar que, nun elevado porcentaxe de casos as persoas son desprazadas a centros residenciais afastados do seu concello e do seu contexto natural debido ao escaso número de prazas públicas dispoñibles.

Por outra banda, as persoas que seguen residindo no seu fogar, adoitan recibir servizos baseados nos coidados como é o caso do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) mais non existen recursos públicos que brinden atención terapéutica co fin de aumentar a calidade de vida das persoas e fomentar a vida independente.

A veciñanza de Ordes que precisa atención terapéutica especializada ten que desprazarse ás cidades (Santiago de Compostela e A Coruña) para recibila, ben pola súa conta, dependendo dunha segunda persoa ou en transporte adaptado (cando existe). É o caso de pacientes con ELA, esclerose múltiple, dano cerebral adquirido, parálise cerebral, demencias ou cancro, entre outros moitos exemplos.

Actualmente o centro de saúde soamente dispón de servizo de fisioterapia para procesos agudos ou subagudos e, ademais, non se contempla o desprazamento continuado aos domicilios nin a atención en fases crónicas. Tamén queremos sinalar que a atención do servizo de atención temperá se estende ata os 6 anos quedando as nenas e nenos sen recursos públicos de atención a partires desa idade.

Para responder ás demandas das persoas con discapacidade e/ou dependencia, o Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030 puxo en marcha no ano 2022 a pilotaxe do Proxecto Rumbo. O obxectivo do citado proxecto era impulsar o deseño de modelos innovadores de apoio á autonomía persoal e á vida independente daquelas persoas con necesidades de apoios mediante a combinación de servizos e recursos entre os cales se atopan os servizos sociosanitarios de proximidade. Trátanse de equipos compostos por fisioterapeutas, logopedas e terapeutas ocupacionais que prestan os seus servizos no contexto natural da persoa. Unha vez concluída a pilotaxe e avaliados os resultados do proxecto, confirmouse a necesidade de implementar este servizo por parte da administración pública para garantir unha atención estable e continuada no tempo. A día de hoxe nin a Consellería de Sanidade nin a Consellería de Política Social deron o paso polo que todo indica que será, nun futuro, a administración local a que asuma esa competencia.

Ademais cómpre citar que no pasado ano, o Partido Popular de Ordes comprometeuse coa veciñanza a implementar servizo de terapia ocupacional.

Co cobro de máis de 453.000 euros en concepto do IBI reclamado a Audasa ábrese a oportunidade para ofrecer un servizo terapéutico á veciñanza de Ordes que contemple non soamente a terapia ocupacional, se non tamén a logopedia e a fisioterapia. Tendo en conta que dispoñemos de instalacións para dar cabida ao servizo, trátase dun orzamento máis que suficiente para asumir os salarios de tres profesionais do grupo A2, a compra do material preciso e os desprazamentos que se poidan chegar a realizar. De feito, noutros casos, a implementación de servizos semellantes tivo un custe moi inferior aos 100.000 euros anuais. Dende o PSdeG apostamos por unha xestión pública destes servizos que permita a coordinación directa dende os servizos sociais municipais aínda que, como ben é sabido, existen múltiples fórmulas de xestión.

Polo que, o grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes quere someter a consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo:

Poñer en marcha un equipo de servizos sociosanitarios de proximidade municipal composto por logopedia, terapia ocupacional e fisioterapia que contemple a posibilidade de atención domiciliaria.”



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi aprobada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 1 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcese as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que comparten o fondo a moción do PSOE, sería positiva a implantación dun servizo sociosanitario de proximidade. Discrepan en que sexa o concello de Ordes o que financie a prestación deste servizo. Que nin a consellería de Sanidade nin a consellería de Política Social da Xunta de Galicia presten este servizo a pesar de ter as competencias para elo, non é motivo para que o concello de Ordes sexa o que ten que financiar a súa posta en marcha perdendo fondos da veciñanza que n atender outras nas que si teñen competencias directas as administracións locais como dotación de servizos básicos no rural, supresión de barreiras arquitectónicas,, promoción da cultura, feiras, solución de problemas nas instalacións deportivas municipais, ...etc. Propoñen ao PSOE a substitución do contido do acordo por: o Pleno da corporación municipal do Concello de Ordes insta ás consellerías de Sanidade e de Política Social da Xunta de Galicia á posta en marcha no Concello de Ordes dos equipos sociosanitarios de proximidade municipal, compostos de servizos de logopedia, terapia ocupacional e fisioterapia, que contemplan a posibilidade de atención domiciliaria. Que preste o servizo quen ten as competencias, non gastar os fondos municipais que deben se aplicados a competencias directas das entidades locais.

Polo Sr. Alcalde, ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que o desexable sería que as consellerías competentes asumisen as súas funcións propias. Non poden esperar, hai una demanda real e urxente, as persoas necesitan atencións. A marxe de manobra das consellerías é moi amplo. O PSOE propón que se asuma esta competencia que é indebida para unha administración local, pero tamén se está asumindo o servizo de atención temperá, cando non debería ser. Debería se asumido na súa integridade pola consellería de Política Social. Isto sería un parche, a administración local non goza de todos os recursos desexables para dotar destes servizos. Manteñen a moción tal e como esta contemplada que considera é urxente por en marcha.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que agradece que a Sra. Rivadas teña o programa do PP de libro de cabeceira. Está un pouco decepcionada por que non sabemos o que estamos a facer. Agradecería que antes de presentar mocións sobre competencias delegadas na Mancomunidade pasase un momento polos servizos ou simplemente lle preguntase cunha chamada de teléfono. Fala de moitas cousas un pouco embarulladas, tamén fala de moitas administracións. Vai a respostar o que atinxe a Ordes e Galicia, a moción sería boa para outras zonas fora de Galicia. Non é certo que a permanencia na vivenda habitual non sexa posible. A institucionalización prodúcese cando as persoas así o elixen, ou cando pola súa enfermidade u patoloxía non se lles permite vivir de maneira autónoma as 24 h/día. Tamén moitas persoas non ten máis recursos que os que lles facilita a por estar soa, a única maneira de cubrir eses recursos é institucionalizándoa. Tampouco é certo que estes centros non estean especializados ou equipados, contan con todos os servizos que estas persoas precisan. As políticas do PP trouxeron a residencia de maiores, as que optaron por Ordes para a súa ampliación. Vostedes votaron en contra do proxecto de ampliación. A Xunta de Galicia nos próximos meses vai a por en marcha 609 prazas residenciais nas proximidades de Santiago e Lugo. En Ordes a maioría dos dependentes están



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

no seu entorno familiar, con bonos de coidado familiar, con servizo de axuda no fogar ou libre concorrencia. Teñen 47.000 horas, ben con libranzas en centros de día ou con libranza de servizos de apoio integral para persoas con problemas mentais. Todo segundo a elección persoal ou da familia. Todo financiado pola Xunta de Galicia ou pola Mancomunidade. Nada se sabe dos 2.500 millóns de euros que o Estado debe a Galicia e tamén a Ordes para cumprir coa lei da dependencia. En Ordes hai servizos a domicilio de servizos de podoloxía, perruquería, transporte a centros médicos, fisioterapia, logopedia, acompañamento e todos os medios técnicos segundo as patoloxías dos usuarios, que serán aumentados cando se adxudique a nova licitación nos próximos meses. Preocúpanse dos usuarios e de quen os coida. Hai formación continua integral en todos os ámbitos das persoas. Os servizos sociais de Ordes traballan coas entidades que participaron no proxecto piloto Rumbo, fan derivacións. No primeiro trimestre do ano abriran en Santiago e Mos os primeiros centros de cuidadores intermedios de España, que servirán de ponte entre as estancias hospitalarias e o regreso ao domicilio ou á residencia, financiado todo isto pola Xunta de Galicia. Vistos os recursos que teñen e os que foron implementando desde os servizos sociais de Ordes teñen sobre a mesa proposta para seguir avanzando neste eido segundo as necesidades dos usuarios, sempre rentabilizando os recursos. A idea é un programa integral de apoio en todas as áreas da persoa, non so na terapia ocupacional. Proximamente atenderanse persoas con problemas de saúde mental de calquera idade, non so discapacitados. Por estes motivos non van a votar favorablemente a súa moción. A atención das necesidades das persoas, a proximidade dos servizos, o benestar dos veciños é unha prioridade para o noso goberno. Se queren axudar pídalle ao seu goberno que cumpra coa lexislación e contribúa economicamente cos galegos máis vulnerables e dote ás ideas de orzamento, que é o que teñen que facer.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos en contra (9 grupo político PP), un voto a favor (grupo político PSdeG-PSOE), coas abstencións (5 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político PSdeG-PSOE.

Intervén a Sr. García Gómez, voceira do grupo político PP, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“A mediados deste ano, a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) procedeu a actualizar o canon de 2024 tralas medidas aplicadas polo Estado no marco da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, como, por exemplo, os impostos ao vertido e á incineración. Uns tributos que representaron o pasado ano unha contía de 9,1 millóns de euros que a empresa pública soportou cos seus propios recursos, apoiando aos concellos para non gravar as arcas municipais.

Ademais, a través dunha orde ministerial, publicada a mediados de 2023, o Goberno central suprimiu a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama, comprometida ata o ano 2026, momento no que finalizaría a súa vida útil, e diminuíu a retribución á explotación da planta de coxeración, ademais de recuperar o imposto eléctrico do 7%.

Durante o período de exposición da lei estatal de residuos de 2022, a Xunta de Galicia presentou alegacións á implantación dos novos impostos, ao tempo que pediu á Fegamp que as secundara, facendo esta oídos xordos á solicitude trasladada polo Goberno autonómico.

Se ben o Estado e o propio partido socialista escúdanse no argumento de que a aplicación dos impostos ao vertido e á incineración obedece á transposición dunha Directiva europea, o certo é que, na actualidade, a práctica totalidade dos países europeos non instauraron estes tributos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

De cara a 2025, procedeuse ao anuncio de que Sogama prevé establecer unha nova actualización do canon, dada a intención do Estado de dar continuidade a estas medidas. Isto suporía que, dunha media de 66 euros/tonelada que os concellos abonan este ano, grazas á aportación da Xunta, a través dun Fondo de Cooperación Local (FCL) adicional de 12 euros/tonelada (do contrario, serían 78 euros/tonelada), o canon de próximo exercicio ascendería a 108 euros/tonelada.

Por todo isto, o grupo municipal do PP presenta as seguintes propostas de acordo:

1.- Esixir ao Goberno central que dea marcha atrás e suprima todos os impostos que gravan a actividade do tratamento de residuos.

2.- Esixir ao Goberno central que recupere a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama, ao que tiña dereito ato o final da súa vida útil (2026).

3.- Unha vez que o Goberno central atenda estas peticións, esixir a Sogama que se comprometa a non aplicar a suba prevista para 2025.”

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi aprobada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 5 grupo político BNG, 1 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que analizada a moción, na exposición de motivos indican que a mediados deste ano Sogama procedeu a actualizar o canon 2024. Actualizar non, pagar as consecuencias de ter un sistema de tratamento de residuos nocivo e altamente contaminante que se basea nun 60 % en incineración, 21 % en vertedoiro e tan so un 18% en reciclaxe. Unha negligente xestión que van pagar todos os galegos dunha ou doutra forma. Quéixanse de que a maioría dos países europeos aínda non implantaron os tributos derivados da normativa europea do dezaoiro, que penaliza a quen non fai dos deberes medioambientais. Cousa que é mentira por que si se está a aplicar na maioría dos países europeos. Por outra banda esta afirmación ven a demostrar que pretenden que España sexa un país obsoleto, retrasado medioambientalmente por que non lles parece ben que se legisle sobre a causa. Coa primeira proposta de acordo están a propoñer unha exención fiscal a unha empresa semipública, o 49 % pertence a Naturgy, que a pesar de non ter ánimo de lucro, si ten ganancias. Son un partido político coherente por que defenden o mesmo en Madrid que no concello de Ordes, sempre os intereses das grandes empresas, neste caso de Naturgy. Se as empresas poden non pagar impostos mellor. Impostos que son para sanidade pública, a educación, as infraestruturas ou o noso sistema público de protección social. Ao que votaron en contra na moción anterior. A súa postura, que figuraba na súa moción que non puido ser obxecto de debate, é moi clara propoñen que a Xunta de Galicia asuma a suba do 100 % do canon para que non penalice aos concellos que si cumpriron cos seus deberes medioambientais e que de forma consensuada coa FEGAMP se cambie o modelo de xestión de residuos para evitar que cada ano o gravame sexa maior.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que neste asuntos temos que facer un recordatorio dos antecedentes, que foi pasando e por que chegamos a esa situación no día de hoxe. Aprobáronse diversas directivas europeas de residuos que estableceron unha serie de bonificacións nos obxectivos de reciclaxe de residuos orgánicos municipais, envases, plásticos, madeira, aluminio, vidro, papel. No estado español



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

incumpríronse os obxectivos do 50 % para o 2020, podendo haber un expediente sancionador por este motivo. No caso de Galicia sitúase á cola do estado español en materia de reciclaxe cunha porcentaxe no ano 2021 do 21%. Hai comunidades que si cumpriron ou están moi cerca de cumprir este obxectivo. Galicia a segunda peor taxa de reciclaxe do estado español. Estes malos resultados explícanse porque o goberno do PP na Xunta de Galicia incumpriu sistematicamente as directrices do Plan estatal de residuos e os Plans de residuos urbanos de Galicia 2010-2022. So chegou a pouco máis do 1% do obxectivo que había nestes plans. A directiva de residuos o que establece é a necesidade de penalizar o depósito, vertedoiro e incineración, que é o que fai Sogama. Imos ao revés do que establecen as directivas europeas. O goberno do PP na Xunta era coñecedor de que o modelo Sogama ía en contra destas directivas UE. Ata o de agora foille ben. Sogama tiña beneficios porque estaba dopada. Agora que veñen as consecuencias desta nefasta xestión recorre á súa especialidade tirar para adiante, non se fai autocrítica, vótaselle a culpa aos demais e facer que paguen outros a factura das decisións erradas que se tomaron. A causa do desfase económico de Sogama e os seus números vermellos é a ineficiencia, o elevado custe do transporte, a xestión centralizada, a incineración dos residuos e o erro de xogar todas as cartas a unha única opción do pasado e que está totalmente superada. Para facer fronte ao burato de Sogama a Xunta a mediados de 2024 eliminou a bonificación do 15% nos concellos con recollida separada de biorresiduos e incrementou nun 30 % o custe de xestión de residuos por tonelada, pasando de 56 a 68 euros. Agora anúnciase un novo taxazo para o ano 2025 que elevará a factura ata os 108 euros. Dende o BNG rexeitan este taxazo do goberno do PP na Xunta que lle queren por aos concellos e a súa veciñanza, apostando por un cambio no modelo de xestión de residuos baseado na prevención, xestión de proximidade dos biorresiduos, separación, reutilización e reciclaxe, en vez do modelo Sogama baseado na incineración e no vertedoiro. A moción do é un intento de defender o indefendible de votarlle como sempre a culpa a outros. O grupo municipal do PP no concello de Ordes está a actuar como un peón a Xunta e Naturgy, intentando sacarlle as castañas do lume ao goberno galego para xustificar unha suba que ningún concello pode asumir. No colmo da demagogia afirma que vai a solicitar a supresión dun imposto que a propia Xunta asumiu voluntariamente a súa transferencia no ano 2022, pensando recadar 17 millóns de euros. Non poden votar favorablemente esta moción, non é a solución ao problema, hai que caer da burra dunha vez mudando o sistema de xestión dos residuos, cara un sistema baseado na prevención, reutilización, reciclaxe e compostaxe.

Polo Sr. Alcalde, ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non vai a tirar do argumentario do PSOE ou do BNG. A realidade é que si queremos frear isto a única posibilidade que hai é con esta moción. A petición de recadación do imposto no foi unha petición voluntaria, era obrigatoria a súa regulación mediante unha normativa autonómica en todas as comunidade autónomas. Máis de trescentos concellos desta comunidade autónoma voluntariamente para a xestión dos residuos se adheriron a este sistema. Por que nos concellos que goberna fan todo iso que din e non se benefician do modelo Sogama. Tan mal non o debe estar facendo. Pódese discutir o modelo Sogama, en que se pode mellorar. Pero se se mellora vai haber que pagar moito máis. A situación que tiñamos, temos e vai a vir nos vindeiros anos gracias ás decisións que se están tomando dende o goberno central están a prexudicar a este modelo que era o máis económico de toda España. A situación deste ano a raíz das decisións tomadas polo goberno central, como moitas outras en materia de enerxía, conlevaron que as cifras abocasen a chegar a 88 euros, cunha bonificación de 12 euros por parte da Xunta de Galicia a través do FCL. A recadación dese imposto no se esta a quedar con ela a Xunta de Galicia cando xa se lle trasladou íntegra aos concellos. De cara o ano que ven a cifra que se anunciou no mes de agosto son eses 108 euros/tonelada cunha presumible bonificación da Xunta de Galicia a través do FCL, pasándose a 84 euros. Ordes traslada de media 4.600 tm/ano. Temos un problema serio e contundente, hai que tomar unha determinación. Ou o goberno central da marcha atrás e permite unha moratoria con todo isto. Ou vai haber que trasladarlle por esa



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

mesma normativa aos veciños de maneira íntegra o custe desta suba importante. Esta regulada por esa Lei 7/2022. Vostedes nos concellos que gobernan están no seu dereito de facer o seu modelo de xestión, veremos cal é o recibo que se lle vai a pasar aos veciños. Pero aquí ou se pon un punto e aparte temporal a esta normativa e permitimos que os veciños non teñan que pagar a suba que hai que levar a cabo ou pola contra se consiga que o goberno central faga un plantexamento racional cunha moratorio que outros estados na UE xa o están a facer. Este é o plantexamento de Ordes e de moitos concellos galegos. Non pode ser que se diga que a xestión de Sogama non sexa a máis económica no territorio nacional da que se estaban a beneficiar todos os veciños.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), coas abstencións (5 grupo político BNG, 1 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Esixir ao Goberno central que dea marcha atrás e suprima todos os impostos que gravan a actividade do tratamento de residuos.

2.- Esixir ao Goberno central que recupere a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama, ao que tiña dereito ato o final da súa vida útil (2026).

3.- Unha vez que o Goberno central atenda estas peticións, esixir a Sogama que se comprometa a non aplicar a suba prevista para 2025.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Na pista de Queis que se corresponde coas coordenadas 43.0293497, -8.4128437 o asfalto estase deteriorando por mor das raíces dunha árbore.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Solucionar o problema.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está xa solicitado o informe da policía local.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- A veciñanza de Queis indica que os vehículos adoitan circular a unha excesiva velocidade pola zona, especialmente pola pista que aparece na imaxe (43.0380020, 8.4227268).

As persoas están preocupadas por estas circunstancias xa que a vía é estreita e atópase en mal estado. A isto hai que sumar a afluencia de persoas que camiñan pola zona.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Implementar medidas para reducir a velocidade dos vehículos e aumentar a seguridade dos peóns.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se ten comentado noutras ocasións. Ve o tipo de vía que temos, hai unha valoración de obra no tramo de referencia de 38.000 euros, sería importante a cesión dos terreos polos propietarios para facer unhas cunetas transitables a ambas marxes para mellorar a seguridade.

- O tramo do carril bici que aparece na imaxe presenta unha fenda que resulta perigosa para as persoas que circulan por él.

O PSdeG xa solicitou noutras ocasións o seu amaño pero este resultou insuficiente e ineficaz.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se amañen as fendas do carril bici.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se lle deu traslado á Brigada municipal de obras.

- A sinalización que se atopa a carón da N-550, nas inmediacións da oficina rural, está sendo usada a modo de papeleira de xeito reiterado.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se limpe dita sinalización e se tome algunha medida disuasoria para evitar acontecementos coma este,

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medioambiente, que sinala que se lle enviou aviso á empresa en varias ocasións. Hai contedores ao carón. Realizouse informe pola policía local para remitir á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.

- Os veciños da Bailía (Leira) trasladáronnos que están a sufrir as consecuencias do mal estado do firme que presenta a estrada que une A Bailía co encoro de San Cosmade. Esta presenta tramos con furados profundos que dificultan a circulación por dita estrada, xa de seu, moi estreita.

Solicitamos ao señor Alcalde:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Dar solución a este problema antes de que veñan as choivas e aínda se complique máis a circulación por dita estrada.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foron requiridos tras informe da policía local o 10/01/2024. É unha estrada de Naturgy, hoxe volveuse a insistir. Estase a preparar un convenio con Naturgy, Sogama e os concellos de Ordes e Cercada para facer un arranxo o máis integral posible.

- Veciños de Sar, A Espenica e Pereira, que sacan os cans a pasear polas pistas da parcelaria de Pereira, levan uns meses atopando fragmentos de carne, pel e osos onde se van a desenvolver labores de conservación da Chousa da Lata. Os propietarios, alarmados por descoñecer a orixe e o fin de ditos refugallos, puxéronse en contacto co grupo Socialista.

Solicitamos:

Que se proceda a investigar a procedencia de ditos depósitos co fin de atopar o causante dos feitos que poden atentar contra a saúde pública e do benestar dos animais que poderían resultar envelenados.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medioambiente, que sinala que se lle deu traslado á policía local.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Nos meses de xullo e setembro, vimos de ver como se organizan unhas xornadas de portas abertas de percusión na Escola Municipal de Música de Ordes, medida que saudamos posto que pode ser unha boa ferramenta para a captación de alumnado.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se realicen aulas abertas de máis instrumentos.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que con pouco éxito.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que sinala que insiste que no caso de haber prazas libres iría máis xente a probar. Tamén unha maior difusión a través das redes sociais ou outras canles de comunicación do concello de Ordes.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que queda sobre a mesa.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que sinala que non interesa.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que se dotou de contido ao horario dun traballador. Parécelle unha boa idea é unha área que é moi atractiva para moita xente.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que sinala que esta medida ten que ter sentido. As xornadas de portas abertas adóitanse facer para captar alumnado. A páxina web escola música esta desactualizada dende o ano 2019.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que se houberá interese estaría a topar tras os dous meses de xornada de portas abertas, podían asistir ás clases.

Intervén o Sr. Villaverde Rey, que sinala que el non asistiría se non houbera prazas libres.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- As zonas que foron pavimentadas no mes de agosto da rúa Nova e da rúa Ramón Carro Romero, seguen a día de hoxe sen ter reposta a sinalización horizontal correspondente, existindo varios pasos peonís sen pintar.

Por outra banda, gran parte do resto da vila amosa unha gran necesidade de repintar a sinalización horizontal das rúas e zonas de estacionamento, tal e como pode apreciarse nas fotografías que se achegan no presente rogo.

A este respecto, lembramos que estase aproximando a época de choivas, na que a visibilidade da sinalización horizontal resulta menor, se cabe.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A levar a cabo os trámites precisos para proceder co repintado da sinalización horizontal das rúas da vila.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non puido ser posible a día de hoxe por que as empresas de pintura están saturadas. A rúa da Canteira ten sinalización de obra. As outras teñen sinalización vertical. Desde que se votou o aglomerado ten que pasar un prazo de curado antes de proceder ao seu pintado. Polo concello tense formalizado un contrato para a formalización máis urxente.

- O pavimento da rúa de Galicia presenta un mal estado de conservación, o que fai necesaria a súa pavimentación.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte: - A que se proceda coa pavimentación da rúa de Galicia o mais axiña posible.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto ten que se por orde, hai que rematar a gardería, hai que rematar a urbanización, mellora da accesibilidade, soterramento das conducións, cruces nas marxes, mellora dos servizos, repor o abastecemento e saneamento danado nese entorno, ao final irá o firme. É unha medida incorporada ao orzamento de 2024, que votaron en contra e agora reclaman.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos , en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A senda peonil que transcorre pola prolongación da rúa dos Lagartos morre na rotonda de Lavandeira. Pola outra marxe da estrada AC-524, transcorre a senda peonil a Poulo, sen que exista ningún tipo de enlace entre as citadas sendas.

Una solución lóxica para acadar o citado enlace, podería ser a instalación dun paso peonil, que regulase o tránsito mediante semáforos con botón, cuxo mellor emprazamento correspondería determinalo á administración titular da estrada, neste caso á Xunta de Galicia.

Tal e como se reflicte no catálogo de estradas da rede autonómica de estradas de Galicia (RAEGA), a estrada AC-524, considérase da rede complementaria.

Por outra banda, cabe destacar que na zona existe a delimitación do núcleo rural do Ceidón, con fronte á estrada AC-524, aliñacións sinaladas no P.X.O.M. de Ordes e recentemente informadas pola administración titular da estrada.

O artigo 10 da Instrución 1/2004 pola que se establecen recomendacións para a implantación de novos pasos de peóns na rede autonómica de estradas de Galicia, establece os criterios de selección do tipo de paso de peóns en solo de núcleo rural na rede complementaria.

Os artigos 16 e 17 da citada Instrución, establecen as condicións mínimas xerais dos pasos de peóns con prioridade non segregados e semaforizados respectivamente. Entre outras esixencias, dispónse que:

- O treito da estrada no que se sitúen teña unha limitación de velocidade máxima de 50 km/h ou inferior.
- Situaranse nun treito da estrada no que non se permita o adiantamento.
- Existirá continuidade do itinerario peonil, segregado da calzada ou da beiravía, en ámbalas dúas marxes do paso de peóns, paralela ou transversalmente á estrada.
- Contarán con iluminación diferenciada do alumeadado público, focalizada no punto de paso e co nivel de iluminación esixido segundo a Instrución Técnica Complementaria EA-02 para o alumeadado adicional dos pasos de peóns, sendo recomendable que o punto ou puntos de luz se sitúen a unha altura de entre 5,0 e 6,0 m sobre a rasante do paso de peóns.
- Cumprirán a normativa vixente en materia de accesibilidade.

Resultaría sinxelo dar cumprimento ás distintas recomendacións establecidas na Instrución 1/2004, cun proxecto que contemple a creación dun pequeno tramo de senda, continuando a que transcorre pola prolongación da rúa dos Lagartos ata o punto onde se propoña instalar o paso peonil (aproximadamente 100 m de trazado). Ademais, no propio proxecto, poderíanse recoller as conducións e apoios necesarios para dotar de iluminación á zona do paso.

Por outra banda, a zona dispón actualmente dunha limitación de velocidade máxima de circulación a 40 km/h, non podendo efectuarse adiantamentos, polo que tamén cumpriría con estas recomendacións.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Tal e como pode apreciarse na última memoria de tráfico da rede autonómica de estradas de Galicia publicada (2023), a intensidade media diaria na estrada AC-524 é de 2.913 vehículos día (inferior a 20.000).

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A propoñer a instalación dun paso peonil á Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), de tal forma que se conecte a senda peonil da prolongación da rúa dos Lagartos coa senda peonil a Poulo pola AC-524, elaborando un proxecto para dar continuidade á senda peonil transcorre pola prolongación da rúa dos Lagartos ata o punto de cruce que se estableza, recollendo ademais as conducións e apoios necesarios para dotar de iluminación ao paso peonil.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pide ben, pero xa esta pedido fai tempo segundo as actas que levamos ás reunións coas consellerías, nesta caso coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade no que está esta petición de investimentos en Ordes. Seguirán insistindo para que esta actuación se poida levar a cabo.

- No núcleo de Uzás, da parroquia de Buscás, existe un cruce no que se atopa a estrada que dá acceso ao núcleo, unha pista que conduce ao núcleo de Faramilláns e outra pista de concentración parcelaria.

Curiosamente, a única sinalización existente no cruce, é un sinal de "STOP" na pista da concentración parcelaria, estando o resto de vías sen sinalizar.

Ademais, os vehículos que circulan pola zona, fano a maior velocidade do que deberían, cos riscos que iso supón.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda a dispoñer a sinalización necesaria no cruce, así como estudar a aplicación de medidas para o calmado do tráfico no mesmo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta petición pode darse en cantidade de cruces deste termo municipal. Trasládouse á policía local para que proceda á súa valoración. Na medida do posible mirárase poñer máis sinalización horizontal ou vertical. No vai a facerse de maneira inmediata.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que por esa vía circúlase a moita velocidade. Aí é preocupante, debería facerse algo. Sensibilizar á veciñanza, sinalizar algo. Estudar outro tipo de medidas se vemos que estas non funcionan.

- A rampla de acceso ao PAC, presenta unha serie de baldosas rotas.

Á marxe da pendente que debería ter a rampla, lembramos que se trata dunha zona de acceso a un centro sanitario que debe resultar accesible, polo que resulta preciso reparar esta situación con celeridade, máxime cando a solución é sinxela e pouco custosa.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Requirir á consellería de Sanidade da Xunta de Galiza, para a reparación do pavimento na zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa hai unha petición expresa, anterior a este rogo, da dirección do centro de saúde. Xa foi trasladada ao Sergas, Servizo de mantemento.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- No ximnasio da piscina Iván Raña unha das bicicletas estáticas permanece “fóra de servizo” dende os inicios de setembro (data de apertura das instalacións). Este acontecemento sorprende xa que durante o mes de agosto péchanse as instalacións para realizar tarefas de mantemento e facer a “posta a punto” para a tempada.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Por qué se dan estas circunstancias despois de un mes de inactividade?.

¿Existe algún prazo estipulado para solventar este tipo de incidencias?.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que esta bicicleta é moi antiga e tan a praca estropeada que fai que non poña resistencia. Ten un cartel de fora de servizo mentres buscamos unha praca, pola antigüidade non vai a ser posible. Hai usuarios que a seguen a usar así.

- Nas instalacións da piscina Iván Raña, durante a tempada 2023-2024, ofertábanse un total de 35 sesións de diversas actividades semanais (TBC, tonificación, body pump, GAP...) ademáis das 5 sesións de aquagym.

Durante esta tempada, 2024-2025, poden contabilizarse 34 sesións semanais no calendario (1 menos). Ademáis, suprimíronse as clases de GAP.

É por iso que as persoas usuarias viron reducida a variedade e cantidade na oferta de actividades a pesares do aumento das cotas da tempada anterior.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Por que se tomaron estas decisións?.

¿Existe previsión de recuperar a oferta de actividades con respecto á tempada pasada?.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que non se diminuíron, fíxose unha reorganización. En GAP trabállase o tren inferior, en BEP o tren superior e TBC os dous. Meteuse nunha única clase de TBC o que é GAP e BEP agrupados, e hai máis usuarios.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- A veciñanza de Santa Cruz de Montaos manifesta que están presentando dificultades para atravesar pola ponte do “Muíño da Valga” (43.0415504, -8.4481755) en condicións de seguridade.

Ditas dificultades incrementáanse cando se fai necesario atravesala con maquinaria pesada (algo altamente frecuente polas actividades agrogandeiras que se levan a cabo na zona). Comentáronnos que anteriormente existían elementos de protección pero estes deterioráronse, tal e como pode apreciarse na fotografía.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Ten constancia o goberno local desta problemática?

¿De ser así, qué medidas se tomaron para solucionala?

Intervén o Sr. Acalde, que sinala que hai un escrito formulado no mes de xaneiro. Non é unha ponte nun dominio público hidráulico, está nun muíño privado. Xa estivo a asistencia técnico urbanística alí reunida cos veciños afectados. Veremos as medidas que se poden adoptar de maneira inmediata, sobre todo para ampliar a canle. Como se van a financiar esas obras, con diñeiro público ou lle corresponde aos veciños, é algo que hai que ver nun futuro unha vez que se obteña a autorización autonómica.

- No pleno ordinario de setembro do ano 2023, o PSdeG solicitaba a instalación de baños públicos durante as celebracións de actos multitudinarios, con especial atención ás festas de Ordes.

O concelleiro competente na área contestaba o seguinte: “É imposible a súa instalación coas condicións e dimensións necesarias para un evento público tan multitudinario, no entorno da Alameda, na propia N-550. Para poder garantir o seu adecuado mantemento e evacuación á rede pública de servizos a súa ubicación lóxica sería a súa colocación na calzada, no mesmo epicentro da festa. Vén isto lóxico?”.

Este ano comprobamos que a instalación de aseos era posible. Algo do que nos aledamos, especialmente polos hostaleiros que, noutras ocasións, sufriron avarías nas súas instalacións polo uso masivo dos seus baños.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Qué fixo posible, con respecto a outras edicións, a instalación de baños durante as festas de Ordes?

¿Pensan pedir desculpas dirixidas aos hostaleiros polos inoportunos argumentos achegados fai un ano?

Intervén o Sr. Blanco López, concelleiro delegado de cultura, que sinala que segue a pensar o mesmo que dixo en setembro de 2023. Antes dese pleno houbo unha reunión na Casa da Cultura cos hostaleiros para falar das festas do Campiñón e de Ordes na que pediron uns baños públicos para enganchar na rede pública, a única opción era no entorno da N-550. Pediron orzamento para unhas casetas de obra, pero non as viñan limpar o baleirar durante as festas. Decidiron non poñelas para evitar os malos olores durante cinco días. No 2024 si que encontraron unha empresa que viña limpar e baleirar é polo que se instalaron os baños este ano. Dígalle a quen lle ten que pedir desculpas, poden acercarse onde queira por que todos os



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

hostaleiros da N-550 lle deron os parabéns polas festas, descoñece entón a quen lle ten que pedir desculpas.

- En anteriores ocasións, solicitamos o arranxo dunha das pistas de Fosado que posibilita a comunicación de moitos veciños e veciñas. Por parte de alcaldía indicouse que esta actuación está valorada en 59.000 euros.

Últimamente comprobamos que o seu estado empeorou e, previsiblemente, empeorará coa chegada do inverno.

É polo que preguntamos:

¿Existe previsión de destinar recursos a esta actuación durante os vindeiros meses?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que teñen montados cinco proxectos para a incorporación de remanentes para investimentos financeiramente sostibles entre as cales está incluída esta actuación e outras para actuación en parroquias que teñen moita necesidade. O goberno central a día de hoxe segue sen dicir que os concellos que teñen aforros do ano pasado poden facer uso deles, como se posibilitou con anterioridade á pandemia. Non pide que se suspendan as regras fiscais, pero si pediría que se lles permita facer investimentos financeiramente sostibles cos aforros. Na medida do posible fagan viable isto. Están loitando na Fegamp, Femp e seguen facer caso omiso. Os concellos non poden salvar a mala xestión do goberno central. A outra opción que lles queda, sexamos valentes todos fagamos un plan económico financeiro aínda que haxa que subirlle os impostos aos veciños, e facemos todas e cada unha destas actuacións. Non se pode pedir que se faga cando estamos limitados polas imposicións do Ministerio de Facenda aínda que teñamos os fondos.

- En anteriores ocasións, solicitamos arranxar unha vía de auga presente na pista de Fosado.

Vimos de comprobar, en pleno verán, que a situación é a mesma ou peor.

No pleno anterior indicóusenos que se pediu á policía local que se investigara o suceso.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Temos, a día de hoxe, algunha conclusión ao respecto sobre a investigación realizada?.

¿Cales son as actuacións previstas?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que como xa se lle dixo a traída é particular, non é particular, hai xa unha comunicación directa vai a votar unha man a empresa concesionaria para que a obra quede en óptimas condicións e non dane a rede pública que esta moi preto desta.

Intervén a Sra. Martínez Vieites, en representación do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

- O regulamento do consello escolar municipal (CEM), recolle no seu artigo 2, a finalidade do citado órgano, figurando que:

“O CEM, como máximo órgano de participación e consulta en materia educativa no ámbito municipal, terá como fins os seguintes:

a) Velar pola consecución do acceso de todos os habitantes do municipio de ORDES aos niveis educativos e culturais que permitan a súa realización persoal e socio-laboral, promovendo con esta finalidade cantas accións sexan precisas para acadar a igualdade de oportunidades no ámbito educativo, a compensación educativa e a atención á diversidade.

b) Fomentar o respecto pola liberdade, a convivencia, a igualdade, a xustiza, o pluralismo e a normalización da lingua galega na comunidade educativa.

c) Impulsar e incentivar a calidade do ensino en todos os seus aspectos.

d) Promover a participación real, efectiva e continua da comunidade educativa nos centros docentes.

e) Ofrecer a máis ampla información sobre a súa actividade e sobre a situación actual do ensino no ámbito municipal.” Por outra banda, o artigo 16 do citado regulamento establece que “as xuntanzas ordinarias realizaranse cada seis meses”.

No seu artigo 20, dispónse que “o CEM elaborará anualmente, ao finalizar o curso escolar, un informe sobre o estado do ensino no municipio, que enviará á corporación municipal, á consellería competente en materia educativa e ao consello escolar de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 18, apartado 2 da Lei 3/1986, de consellos escolares de Galicia, e no artigo 27.2 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, que desenvolve a citada lei. Este informe deberá presentarse para a súa aprobación antes do 15 de outubro de cada ano e referirse o curso académico pechado e poderá versar sobre aspectos específicos ou singulares”.

No mesmo artigo tamén se recolle que “O informe, unha vez aprobado, será publicado polo propio Consello Escolar Municipal polo menos na páxina web do Concello de ORDES”.

O certo é que levamos varios anos na corporación municipal sen recibir o informe sobre o estado do ensino no municipio (a pesar de requirirlo en diversas ocasións ao goberno municipal desde o grupo municipal do BNG), así como tampouco existe publicando ningún na páxina web do concello de Ordes (figurando unicamente publicados tres acordos do pleno do CEM do ano 2015).

Lembramos que o concello de Ordes ten unha concellería delegada en materia de política social, igualdade, diversidade, educación e traballo, a cal ten aparelhada unha dedicación parcial retribuída por 20 h/semanais.

Por iso preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

¿En que data se convocou/celebrou a última xuntanza ordinaria do CEM?.

¿Por qué non se atopa publicado na páxina web do concello de Ordes, ningún informe sobre o estado do ensino no municipio?.

¿Cal é o motivo de que este órgano, con finalidades tan importantes, non teña ningún funcionamento en absoluto?.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que os distintos grupos representados no CEIM non comunicaron os seus representantes pese as solicitudes. Non se insistiu máis ao non haber asuntos de interese xeral a tratar. Os resultados do ensino pode pasarlle os que lle envían directamente os IES. O estado do ensino ata o 2019 o teñen.

Intervén o Sr. Candal Fariña, en representación do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- No pleno ordinario de xaneiro deste ano, desde o grupo municipal do BNG trasladamos ao goberno municipal a preocupación da veciñanza en torno á seguridade viaria en diversos puntos do concello.

Nese rogo, propuxemos ao goberno municipal tomar as medidas precisas para conseguir o calmado do tráfico en diversas zonas, como por exemplo a rúa do Campo da Feira do Mesón do Vento, a estrada que comunica a N-550 co colexio por detrás da farmacia, a pista de Orellán de Abaixo, a pista entre a DP-2405 e a Salgueira de Abaixo, así como noutras pistas principais das parroquias do noso concello, destacando os casos de Barbeiros, Bean, Buscás e Vilamaior.

A resposta do alcalde resumíase en que “moitas cousas que aquí pide xa hai informes desfavorables da policía local e polo tanto non se poden executar”.

Recentemente foron instalados resaltos nas inmediacións do CEIP Mesón do Vento. Por iso preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

¿Cales son os motivos polos cales é posible levar a cabo a instalación de resaltos nas inmediacións do colexio do Mesón do Vento e non resulta posible proceder coa súa instalación na rúa do Campo da Feira do Mesón do Vento?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa contestou antes, fala das peticións como considera, despois a realidade é que as actuacións despois fanse de acordo a súa realidade e viabilidade, analizando outros factores como as reunións coa policía local e falando cos veciños. No proxecto que teñen para ese entorno en ningún caso se aconsella o que vostedes demandan. Non quere dicir que non poida ser necesario. A día de hoxe seguen apostando por executar o proxecto de humanización de todo o campo. A principal demanda dos veciños daquela zona é que as limitacións de velocidade se coloquen na estrada principal. Foille trasladado ao vixilante da Deputación en moitas ocasións, fixo caso omiso. Non lles fan caso ningún.

Intervén o Sr. Candal Fariña, que sinala que non se pode priorizar a seguridade ante o que lle moleste a un veciño, xa ll dixo outra vez. A seguridade dunha parroquia, dunha aldea non se debe mirar nese sentido. A prioridade é a seguridade da xente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ten un gran descoñecemento a normativa, primeiro ten que estudala e despois falamos.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e catro minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

O ALCALDE-PRESIDENTE
José Luis Martínez Sanjurjo
(asinado dixitalmente)

O SECRETARIO
Juan Luis González Iglesias